

COMENTARIO DUN TEXTO POÉTICO

1. ANÁLISE TEMÁTICA

1. INTRODUCCIÓN

Autor/a, libro ao que pertence, data e lugar de publicación, corrente literaria e/ou contexto histórico. Ten que ser breve.

2. RESUMO

Sintetizar o contido do poema (aínda non o hai que valorar subxectivamente)

3. VOZ POÉTICA

Persoa ou ser personificado que fala no poema (indicar a persoa: 1ª, 2ª, 3ª...). Diríxese a algo ou alguén?, Ten un carácter narrativo ou descritivo?.

Ton do poema: optimista, exaltado, pesimista, sombrizo, angustiado, vingativo, tráxico, comprometido, crítico, irónico, satírico, humorístico, etc. Tes que xustificar o/s ton/s que percibes, explicando as secuencias onde o/s ves. O porqué do ton poético usado dá pé a presentar o tema principal e os secundarios. Podes resaltar algún recurso estilístico.

4. TEMA

A idea principal que o/a autor/a quere expresar e transmitir. Tes que xustificala con exemplos do poema (o paso do tempo, a morte, a infancia, a guerra, a emigración, etc). Pode haber unha idea principal e outras secundarias que axudan a entender mellor o poema. Neste punto é de grande axuda analizar os campos semánticos empregados (sentimentos, natureza, violencia, corpo....) . Os recursos estilísticos máis destacables deben aparecer aquí, pois serven para intensificar as ideas transmitidas.

5. ESTRUTURA

As partes en que se distribúen a/s idea/s do poema (sinala os versos de cada parte) , explicando a túa decisión e a relación que existe entre ditas partes: circular (o poema comeza e remata coa mesma idea), contraste (contrapón as ideas), ampliación (presenta a idea ao comezo e amplía logo o contido),intensificación, etc.

2. ANÁLISE FORMAL

1. MÉTRICA

Medida dos versos, tipo de rima, tipo de estrofa, tipo de poema.

2. RECURSOS FORMAIS

- Sempre debes detectar a presenza dos máis usados como aliteracións, encabalgamentos, paralelismos, hipérbatos, metáforas, comparacións...
- Hai que relacionalos coas ideas transmitidas (son intensificadores do tema)
- Valor connotativo subxectivo dos substantivos, adxectivos e verbos que reforzan o tema do poema: escuridade, claridade, forza, debilidade, pesimismo, optimismo,...
- O ritmo do poema: lento (predominio de sub., adx., enumeracións, sintaxe complexa, etc) ou dinámico (predominio de verbos, sintaxe breve, etc)
- Características do galego: dialectalismos, vulgarismos, castelanismos, cultismos...

3. CONCLUSIÓN:

Retoma o tema do poema, así como os elementos máis significativos e e relaciónaos coas características máis salientábeis do/a poeta.

3. SÍNTESE DE CONCEPTOS POÉTICOS

1. RIMA Asonante ou consonante (a partir da última sílaba acentuada) 2. MEDIDA DO VERSO - Se a última palabra é esdrúxula cóntase unha sílaba menos. - Se a última palabra é aguda (tamén monosílaba) cóntase unha sílaba máis. Sinalefa: se unha palabra remata en vogal e a seguinte tamén cóntase unha soa sílaba. Diérese: consiste en dividir en dúas sílabas un ditongo. Sinérese: consiste en unir nunha sílaba dúas vogais que non forman ditongo.	3. CLASIFICACIÓN DO VERSO - Arte menor: menos de oito sílabas. Arte maior: máis de oito sílabas. - Simple: menos de once sílabas Composto: máis de once sílabas. Dívese por unha cesura en dous hemistiquios. Verso solto: non posúe rima. - Verso libre: non ten medida nin rima. Predomina na poesía moderna.
---	---

4. TIPOS DE ESTROFA 2 VERSOS Parcado AA / aa 3 VERSOS Terceto ABA (pode ser encadeado) Soleá a - a (Campanas de Bastabales) 4 VERSOS Copla (octosílabos) – a - a asonante Seguidilla (pentasílabos e heptasílabos) – a - a Cuarteta abab· consonante Redondilla abba consonante. Cuarteto ABBA consonante. Serventesio ABAB consonante Caderna vía (alexandrino) AAAA consonante 5 VERSOS Lira 7a 11B 7a 7b 11B consonante Quinteto Quintilla 6 VERSOS Sexteto Sextilla	7 VERSOS Sétima Setina 8 VERSOS Oitava 8 Arte maior consonante Oitava real 8 ABABABCC 10 VERSOS Décima 10 8a8b8b8a8a8c8c8d8d8c consonante 14 VERSOS Soneto 14 ABBA ABBA CDC DCD consonante NÚMERO INDEFINIDO Romance -a-a asonante Silva 7 e 11 sílabas..... consonante Glosa Unha estrofa inicial pertencente a un poema xa existente. Os seguintes versos créanse a partir desa primeira estrofa.
--	---

5. FIGURAS RETÓRICAS

FONÉTICAS

- Aliteración** (fonosimbolismo): repetición de sons acusticamente semellantes, vocálicos ou consonánticos, en palabras próximas (*o lobo! Os ollos o lombo do lobo!* Uxío Novoneyra)
- Onomatopea**: Imitación fónica de sons reais (*Din-don, din-dan/badaladas, que dirán?* Gloria Sánchez)
- Paronomasia**: colocación próxima de palabras fonicamente semellantes (*no sagrado segredo de Vigo*, Luz_Pozo Garza).
- Similicadencia**: colocación próxima de palabras coa mesma flexión (*cantaban, amaban, estaban*) ou mesmo son (*herexía, ousadía*)

MORFOSINTÁCTICAS

- **Anacoluto:** ruptura da concordancia gramatical producindo un efecto ilóxico (*"primavera coutada ferros foron"*. Méndez Ferrín)
- **Encabalgamento:** a fin dun verso non remata coa fin da estrutura sintáctica.
- **Figura etimolóxica:** repetición dun lexema e un derivado nun verso (*vivir unha vida; soñar un soño; choveu por min chuvia...* M. Curros Enríquez)=pleonismo
- **Derivación:** uso de dúas palabras derivadas en secuencias próximas (*negra sombra que me asombras*. Rosalía de Castro)
- **Quiasmo:** repetición invertida, nun verso, da mesma estrutura (*as vacas muxindo, balando as ovellas*, Lamas Carvajal; *o meu bronce, teu bronce foi María*, Lorenzo Varela)
- **Anadiplose:** repetición da última palabra dun verso no inicio do verso seguinte (*está ouveando un lobo // un lobo que te come...* C.E. Ferreiro)
- **Epanadiplose:** repetición dunha palabra ao principio e ao final dun verso (*Digo cecáis digo*.. Méndez Ferrín)
- **Anáfora:** repetición dunha palabra ao inicio de varios versos.
- **Epífora:** repetición dunha palabra ao final de varios versos.
- **Complexión:** anáfora e epífora simultaneamente (*A pesares do vento e da tronada I A pesares da chuvia e da tronada I a pesares do lume e da tronada....* C.E. Ferreiro)
- **Calembur:** a diferente agrupación das mesmas sílabas crean palabras distintas (*Arrula a rula..* X. Agulla Pizcueta)
- **Epíteto:** adxectivo que resalta unha calidade inherente ao substantivo (*branca neve*)
- **Enumeración:** acumulación sucesiva (*digo guerra bestial/ tremor de terra, crime, lume, lava /estoupido, verdugo/e mortandá en masa*. Celso E. Ferreiro)
- **Asíndeto:** supresión intencionada de conxuncións.
- **Polisíndeto:** repetición intencionada de conxuncións.
- **Elipse:** omisión dun elemento na secuencia (*eran dondas as tardes/ risoñas as mañás...* Rosalía de Castro)
- **Hipérbato:** alteración da orde lóxica dunha secuencia (*Do eido na cabeceira, o labrego está disposto*. Xosé Crecente Vega)
- **Paralelismo:** repetición da mesma estrutura sintáctica.

SEMÁNTICAS

- **Apóstrofe:** chamada a un ser animado ou inanimado (*Di, oh Musa, daqueles nomeados....* E. Pondal)
- **Interrogación retórica:** unha pregunta que non agarda resposta e provoca emotividade (*Quen non agarda a memoria, triste ou leda/ dun algo que xa foi?*)
- **Comparación ou símil:** relación de semellanza (estrutura comparativa)
- **Metáfora impura:** relación de semellanza entre un termo real e o termo imaxinario (*Amade sempre a terra, nosa nai*, Manuel María; *Gaitiña, gaita gaiteira//teu corazón encarnado//vai estalando de pena*. Aquilino Iglesia Alvariño)
- **Metonimia:** relación de contigüidade entre dous elementos como causa-efecto, produto-lugar, continente-contido (*Quero Burdeos, gracia de Aquitania*. Ramón Otero Pedrayo)

- **Símbolo:** elemento sensorial que representa outro intelectual (*vosoutros sodes, orgullosos pinos,/da patria aínda serva as doces harpas*. Eduardo Pondal)
- **Hipérbole:** esaxeración desmesurada de sentimentos, accións.
- **Antítese:** oposición de termos contrarios sen perder a coherencia (*aquí/ que fun non son, por iso estamos/ xuntos os dous*. Celso Emilio Ferreiro)
- **Sinestesia:** combinacións de impresións de campos sensoriais diferentes (*loiros vals, finos perdóns*, E. Blanco Amor)
- **Personificación ou prosopopea:** atribución de calidades humanas a elementos que non o son.
- **Ironía:** afirmación, con fins sarcásticos ou humorísticos, do contrario do que se pensa (*Que sorte e que ledicia/ vivir neste mundo/ tan ben feito*. Manuel María)
- **Litote:** consiste en negar o contrario do que se quere afirmar, isto é, afirmar negando (*Ideas non grandes*. Pondal)
- **Oxímoron:** unión de termos opostos que non se exclúen (*Adiós! Sombras queridas, adiós sombras odiadas*. Rosalía de Castro)
- **Paradoxo:** unión de dous elementos aparentemente opostos (*e nais que non teñen fillos e fillos que non teñen pais*, Rosalía de Castro)
- **Acróstico:** composición poética formada por tantos versos como letras ten o nome ou frases elixido como tema, e dispostas de xeito que as primeiras letras, sílabas ou palabras lidas verticalmente, forman o nome ou frase escollida.
- **Caligrama:** representación gráfica do contido dun poema.
- **Anagrama:** reordenar as letras dunha palabra e conseguir outra (Galván en Saor= Roás, lugar natal do autor do libro, D. X. Cabana)
- **Palíndromo:** lese de esquerda a dereita e viceversa (*A lúa é aulA/ Adival a vidA*. Gonzalo Navaza).

A LINGUA GALEGA NO REXURDIMENTO

1. **DIALECTALISMOS:** palabras pertencentes a unha área xeográfica do galego. (*seseo (felís, graciosa, simeterio), mau, bailarís, irmáns, muito, parai, eiquí*)
2. **VULGARISMOS:** palabras que posúen trazos da fala popular e informal (*i ela, salú, estare, arbre, pra, probe*)
3. **CASTELANISMOS:** palabras do castelán que se usan no canto da forma galega (*amistá, Dios, pueblo, dicha*)
4. **HIPERENXEBRISMOS:** palabras modificadas incorrectamente para darlles unha aparencia máis galega (*estrano, cristaiño, primaveira, brilar, zoa, ambiente, aspeito, semán, humán*)
5. **ARCAÍSMOS:** palabras que están en desuso, propias de etapas máis antigas do idioma (*hymno, redenzón, coração*)
6. **LUSISMOS:** palabras do portugués (*aldeia, dicer*)
7. **CULTISMOS:** recuperación de formas galegas no latín e no grego (*audaz, férreo, espartano*)